

Kohei Saito
Marx in the Anthropocene
Towards the Idea of Degrowth Communism

1. Vocabulario:

- **Rift:** Falla, grieta, fisura, fendedura, escisión, separación, ruptura.
- **Degrowth:** Decrecemento. “A policy of reducing levels of production and consumption within an economy in order to conserve natural resources and minimize environmental damage.” Definición de Oxford Languages.
- **Commodity:** Mercancía, mercadoría.
- **Profit:** Beneficio, ganancia.

2. Transcripción [non literal]:

- O triunfo da globalización neoliberal acelerou o rápido incremento dos impactos ambientais sobre a terra debido á actividade humana.
- Moita xente le O Capital como un libro que proba a explotación da clase obreira e que demostra a inevitabilidade-necesidade da crise e da revolución.
- A miña interpretación é totalmente diferente, eu defendo que O Capital debe ser leído como un libro sobre o **metabolismo** entre o **ser humano** e a **natureza**.
- Marx analiza como os **seres humanos interactúan** coa **natureza** por medio do **traballo**.
- Sen **interactuar** coa **natureza** os **seres humanos** non poderían **sobrevivir**.
- Nas sociedades precapitalistas, os seres humanos producen basicamente coa finalidade de satisfacer as súas necesidades concretas. Pero no capitalismo é totalmente diferente: o capitalismo está dominado fundamentalmente polo movemento abstracto de *diñeiro-mercadoría-diñeiro*. Este proceso de incremento-acumulación do capital é infinito, interminable.
- Marx dí que, ao final, o capitalismo acaba xerando unha escisión-fenda irreparable no metabolismo entre o home e a natureza.
- O desenvolvemento do capitalismo occidental depende fundamentalmente dun intercambio desigual de recursos, enerxía e traballo humano co Sur global.
- O capital[ismo] é a lóxica da acumulación infinita, pero o noso planeta é finito. Un crecemento infinito nun planeta finito é imposible.
- Tradicionalmente, Marx foi leído frecuentemente como un pensador que demostrou a inevitabilidade do colapso do capitalismo, pero eu defendo que Marx abandonou totalmente esta idea dun progreso histórico baseado nas innovacións tecnolóxicas. Se non escollemos conscientemente o establecemento dunha nova sociedade, o capitalismo seguirá dominando, e incluso seguirá dominando ate destruír o planeta enteiro.